

Se o que quero está prestado?

- Podes **facer unha reserva**, desde o OPAC, na propia biblioteca ou por teléfono
- Só se reservan **exemplares prestados** da túa biblioteca.
- O **máximo de reservas por lector é de 6** (3 para libros e revistas e 2 para outros materiais e 1 para libros electrónicos)
- O **prazo para recoller as reservas é de 3 días** dende que é avisado o usuario. De non recoller as reservas quedan anuladas
- Os **documentos reservados non se poden renovar**

Se entrego fóra de prazo os documentos que me pasa?

- **Quedarías días sen poder usar o préstamo a domicilio.** Cómtese 1 día por cada documento atrasado e día.
- Se finalmente non devolves os documentos, o teu carné quedará bloqueado permanentemente e non poderás levar ningún material en préstamo en toda a Rede de Bibliotecas Nodais.

Se deterioro ou perdo o documento que me levei en préstamo?

- En caso de deterioro, o persoal da Biblioteca valorará se é posible a súa reparación cos medios de que dispón. De non ser así, **terás que repoñelo** por outro igual. Se non o atopas no mercado, deberás comunicalo á Biblioteca para que che digan por que título alternativo podes substituílo. En caso de que o perderas, tamén terás que repoñelo. Ata que non o fagas, non poderás levar ningún material en préstamo.

Algúns documentos levan un punto vermello, que significa?

- A consulta destes documentos farase **sempre dentro da biblioteca**. Para isto non precisas carné. Só che pedimos que coloques logo os libros nos carros.

Que é a Biblioteca dixital?

- Un lote de **recursos electrónicos** (enciclopedias, dicionarios, vídeos...) consultables por internet, desde a páxina da biblioteca. No apartado de "Biblioteca dixital da Rede", escolles o recurso, a túa biblioteca e logo o teu nº de lector e un apelido e xa estás dentro, podes facelo desde casa.

Hai préstamo interbibliotecario?

- Se o documento que che interesa non o temos nós **podemos pedilo a outra biblioteca**. O máximo de documentos por solicitude é de 1 por persoa. So se xestionará se o servizo prestado pola biblioteca depositaria do documento é gratuito. Avisarémoste da recepción do documento por correo electrónico ou por teléfono no seu defecto, por favor estate atento ou atenta.

O que buscaba non o tedes, pero penso que deberíades telo

- Fainos unha **suxestión de compra**, valorarémola e se é aceptada serás o primeiro en usar ese documento

Que horario ten a biblioteca?

- Luns a venres: 8.30 a 20.30 h.
- Sábados: 10 a 14 h.

Xullo e agosto

- Luns a venres: 8.30 a 14.30 h.
- Sábados: pechado

Préstamo

Biblioteca Pública da Coruña
Miguel González Garcés

R/ Miguel González Garcés, 1
15008 A Coruña
Tel./Fax 881 960 378 / 379

bpc@xunta.gal

<http://rbgalicia.xunta.gal/coruna>

Para que me vale o carné da biblioteca?

- Para **levar libros, películas, cds de música, etc para casa**. Lémbrate de traer o carné sempre para levar un préstamo.
- Para acceder a unha **páxina personalizada do catálogo** onde podes renovar préstamos, reservar, suxerir compras, facer comentarios...
- Para poder consultar a **Biblioteca dixital**.
- Para poder usar na Biblioteca cascos, portátiles...

Como fago o carné?

- Cumprimenta a **solicitud** que che damos na biblioteca ou a que temos no OPAC.
- Tamén podes facer a solicitud desde a páxina **web**.
- **Amósanos o teu DNI, carné de conducir, pasaporte, NIE...** para comprobar os datos cando veñas facelo e cando veñas recollelo.

Máis sobre o carné

- O carné vale para as Bibliotecas Nodais da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Central de Vigo, e as municipais de Ferrol, Oleiros, Laxe, Sanxenxo, Ortigueira e Vigo.
- Tés que comunicarnos os cambios nos datos persoais. En calquera caso, estes **datos renovanse cada 5 anos no caso dos adultos e cada 3 nos nenos**.
- A tarxeta só se cambiará en caso de deterioro ou perda, neste último caso hai que cumprimentar unha nova solicitud. A perda reiterada do carné conleva sanción.
- Os **menores de 14 anos** teñen que ter unha persoa adulta (pais, titores) que se responsabilice por eles. Cando cumplan 14 xa os consideramos adultos para o préstamo. Se fan o DNI nolo deben comunicar para facerlles un carné novo.
- O **uso indebido** do carné pode supoñer a **retirada** do mesmo.

Autorizacións

- Se non podes vir pola biblioteca podes **pedirle a alguén** que che recolla os préstamos, só tés que cumprimentar un impreso autorizando a outra persoa.

Como atopo un libro?

- Busca na web da biblioteca, na opción Buscar no **catálogo**, é moi sinxelo. Pide que che aprendan a usalo. Tamén podes buscar polos andeis a ver que aparece.

Cantas cousas podo levar á casa?

- **O total son 20 préstamos por persoa adulta en toda a Rede**. Podes facer combinacións:
*5 libros de adulto + 5 libros infantís + 3 revistas de infantil + 3 DVD de adulto + 3 documento sonoro de adulto

Tipo de carné	Tipo de material	Máximo documentos	Días de préstamo	Renovación	Días renovación
Adulto	Libros adultos	5	21	1	21
	Libros infantís	5	21	1	21
	Audiovisuais adultos	3	7	1	7
	Audiovisuais infantís	3	7	1	7
	Documentos sonoros adultos	3	7	1	7
	Documentos sonoros infantís	3	7	1	7
	Arquivos ordenador adultos	3	7	1	7
	Arquivos ordenador infantís	3	7	1	7
	Revistas infantís	3	7	1	7
Infantil	Lector libro electrónico	1	21	1	21
	Libros infantís	5	21	1	21
	Audiovisuais infantís	3	7	1	7
	Documentos sonoros infantís	3	7	1	7
	Arquivos ordenador infantís	3	7	1	7
Revistas infantís	3	7	1	7	

- Os libros **moi solicitados non se renovan**.
- Os nenos só poden levar documentos da súa sección e cómics infantís.
- **As entidades tamén poden ter un carné, teñen 60 préstamos como máximo, por Biblioteca, 120 en toda a rede. Poden combinar:**

Tipo carné	Tipo de material	Máx. documentos	Días préstamo	Renovación	Días renovación
Entidade	Libros adultos	30	21	2	21
	Libros infantís	30	21	2	21
	Audiov. adultos	10	21	2	21
	Audiov. infantís	10	21	2	21
	Docs. sono. Ad.	10	21	2	21
	Docs. son. infantís	10	21	2	21
	Arq. ordenador ad.	10	21	2	21
	Arq. ordenador inf.	10	21	2	21
	Revistas infantís	10	21	2	21

Se preciso máis tempo de consulta?

- Podes **renovar o préstamo transcorridos 5 días desde a realización do préstamo**, ata o día da súa caducidade, tanto por teléfono coma na propia Biblioteca, ou por internet desde o catálogo, **non se permitirá a renovación de documentos reservados**.

Renovar por internet, como se fai?

- Tés que entrar no catálogo da biblioteca, desde a páxina web, nos recadros da dereita metes o **teu nº de lector e o teu contrasinal, se non o recibiches por correo pregunta na Biblioteca**. Logo entra na **túa conta**, marca os préstamos que queres renovar e dálle ao botón de Renovar

